



Sr. Secretario Xeral de Calidade e
Avaliación Ambiental
Consellería de Medio Ambiente,
Territorio e Infraestruturas
Xunta de Galicia

D. Serafín J. González Prieto, Presidente da SGHN, en relación coa Consulta sobre Contido do Estudio de Impacto Ambiental dos proxectos de Repotenciación do Parque Eólico (en adiante P.E.):

- Capelada I (Ortigueira e Cedeira; A Coruña), promovido por Parque Eólico A Capelada, A.I.E, clave 2011/0151 (relac. 1995/0721).
- Capelada II (Cariño e Cedeira; A Coruña), promovido por Parque Eólico A Capelada, A.I.E, clave 2011/0152 (relac. 1997/0991),

EXPÓN:

1. Que a interpretación torticeira da normativa legal sobre avaliación de impacto ambiental permitiu no seu momento (anos 1995-97) a tramitación por separado dos proxectos de P.E. Capelada I e II sen avaliar os seus efectos acumulativos e sinérxicos malia que:
 - a. Pertencen a un mesmo promotor.
 - b. Están situados nun espazo de apenas 5 x 3 km.
 - c. As dúas alineacións de aeroxeneradores do P.E. Capelada I están intercaladas entre as tres alineacións do P.E. Capelada II.
2. Que non é aceptable a tramitación separada dos proxectos de Repotenciación dos P.E. Capelada I e II, máxime tendo en conta que os seus aeroxeneradores estarán concentrados nun espazo de apenas 3 x 3 km e que os arquivos de documentación recibidos para o trámite de consulta inclúen decenas de páxinas completas de texto, tablas e figuras que son comúns a ámbolos dous proxectos, reflectindo sen dúbida algunha que son un só proxecto subdividido artificialmente.
3. Que o incumprimento do espírito e a letra da Directiva 92/43/CEE, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, permitiu que 77 dos 95 aeroxeneradores dos P.E. Capelada I e II se situasen sobre hábitats de conservación prioritaria malia que non existían razóns imperiosas de interese público de primeiro orden (artigo 6 da DC 92/43/CEE) para que fosen afectados por proxectos de P.E.
4. Que os proxectos de Repotenciación dos P.E. Capelada I e II (aumentando nun 24% a potencia total instalada) supoñen unha mellora respecto á situación actual, pois a forte redución do número total de aeroxeneradores (de 95 a 13):
 - a. Reducirá de 77 a 6 os aeroxeneradores que se atopan sobre hábitats de conservación prioritaria.
 - b. Reducirá de 70 a 7 os aeroxeneradores dentro do LIC ES1110002 Costa Ártabra.
 - c. Reducirá nun 61% a superficie total barrida polos rotores, polo que é esperable unha menor afección sobre a fauna de aves e quirópteros.
5. Que a redución de aeroxeneradores será especialmente benvida nesta zona, tendo en conta o elevadísimo número existente actualmente pois, nun día despexado, dende o miradoiro da Herbeira son visibles case 1.100 aeroxeneradores.
6. Que, polos motivos sinalados no apartado 3, non é aceptable a instalación do aeroxenerador B-5 e especialmente, o B-4 do P.E. Capelada II en hábitats de conservación prioritaria non afectados actualmente pola infraestrutura eólica da zona.



SOLICITA:

1. Que se realice un único Estudio de Impacto Ambiental para os proxectos de Repotenciación dos P.E. Capelada I e II, no que se avalíen os efectos sinérxicos e acumulativos dos mesmos e cos parques eólicos existentes ou proxectados, do mesmo ou doutros promotores, na Área de Desenvolvemento Eólico Capelada.
2. Que o Estudio de Impacto Ambiental avalíe con detalle e rigor as posibles afeccións do proxecto sobre:
 - a. Hábitats de conservación prioritaria na UE (DC 92/43/CEE) e, consecuentemente, adapte o proxecto para evitalos totalmente pois non existen razóns imperiosas de interese público de primeiro orden (artigo 6 da DC 92/43/CEE, artigo 45 da Lei estatal 42/2007) para que sexan afectados por un proxecto de parque eólico.
 - b. Hábitats de interese comunitario (DC 92/43/CEE) e estudie alternativas para minimizalos canto sexa técnica e ambientalmente posible.
3. Que o Estudio de Impacto Ambiental avalíe as posibles afeccións do proxecto sobre as zonas previstas para a ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia e, consecuentemente, adapte o proxecto para evitalos totalmente.
4. Que o Estudio de Impacto Ambiental avalíe con detalle e rigor as posibles afeccións do proxecto sobre TODAS as especies incluídas no anexo I da Directiva Aves, na Directiva 92/43/CEE, no *Catálogo Español de Especies Amenazadas* (Real Decreto 139/2011) e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007) presentes na zona e contemple a adaptación do proxecto para evitalas totalmente no caso de especies de interese comunitario e/ou en perigo de extinción, pois non existen razóns imperiosas de interese público de primeiro orden (artigo 6 da DC 92/43/CEE, artigo 45 da Lei estatal 42/2007) para que sexan afectados por un proxecto de parque eólico, ou para mitigalas no caso das restantes especies catalogadas. Ademais, no caso de especies catalogadas como vulnerables ou en perigo de extinción, o EIA debería:
 - a. Adaptar o trazado dos viais e emprazamento dos aeroxeneradores para evitar afeccións á flora.
 - b. Avaliar alternativas para minimizar a mortandade de anfibios, réptiles e micromamíferos nos viais de acceso por atropelo e atrapamento en gabias, taxeadas, pasos canadienses, etc.
 - c. Avaliar alternativas para minimizar a mortandade de aves e morcegos por impacto cos aeroxeneradores e perturbacións sobre a súa utilización dos hábitats na contorna do parque eólico durante todas as fases do ciclo vital. Ao respecto, o EIA debería analizar os datos dispoñibles de mortandade de aves e morcegos contra os aeroxeneradores existentes para determinar se algún(s) emprazamento(s) son máis perxudiciais para ditas especies e telo en conta na decisión de ubicación dos novos aeroxeneradores.
 - d. Contemplar a inclusión de todas as medidas preventivas e/ou correctoras recomendadas nos Plans de conservación de especies ameazadas que teña elaborados (ou en elaboración) a Xunta de Galicia de acordo co previsto nos artigos 15 e 16 do Decreto 88/2007.
5. Que o Estudio de Impacto Ambiental avalíe a mortandade de anfibios, réptiles, aves e mamíferos nos viais de acceso (atropelo e atrapamento en gabias, taxeadas, pasos canadienses, etc.) e a adopción de medidas eficaces para mitigala.

En Santiago de Compostela, a 6 de outubro de 2011